



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 ABR. 2024 18:49:37

Entrada **21755**

Sobre o desprazamento de unidades militares do Estado español a Gdansk (Polonia)

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao desprazamento de unidades militares do Estado español a Gdansk (Polonia) para participar en exercicios militares da OTAN dirixidos por EE.UU.**

O pasado 11 de abril o Ministerio de Defensa anunciaba a participación de dúas unidades militares nunha serie de exercicios da OTAN en Gdansk (Polonia). Trátase do batallón de infantaría protexida “San Quintín” da Brilat e dunha unidade militar de Ceuta, que partiron do porto de Xixón para participar no exercicio multifuncional “Saber Strike 24” a desenvolver entre o 12 e o 29 de abril. Manobras que, segundo as informacións transmitidas, están dirixidas e programadas polo Exército de EE.UU para Europa e África.

O Ministerio de Defensa sinalou que estes exercicios mostran “o compromiso do Exército de Terra co mantemento da paz e seguridade no continente europeo”, así como a súa “dispoñibilidade e operatividade para adaptarse a todo tipo de escenarios e para proporcionar capacidades decisivas que permitan defender os intereses de España e dos aliados”. Porén, resulta paradoxal falar de paz á vez que se incrementa a actividade militar e as manobras da OTAN en Europa no actual contexto, coa guerra da Ucraína de fondo, o xenocidio da poboación palestina por parte de Israel e a escalada de tensión entre Israel e Irán.

O prioritario para o Goberno debera ser promover efectivamente a paz, multiplicando os esforzos diplomáticos e traballando por escenarios de negociación en lugar de aumentar a actividade militar.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 ABR. 2024 18:49:37

Entrada **21755**



Ademais, as manobras militares en Polonia empezan a ser habituais nos últimos meses. En marzo xa nos diriximos ao Ministerio tras coñecérense as afirmacións realizadas polo Estado Maior do Exército en relación a unhas manobras en Bernowo Piskie (Polonia), indicando que “se queremos estar preparados para combater en Europa do Leste é fundamental a instrución e o adestramento no paso de cursos de auga”. Este novo desprazamento de unidades militares debe ser explicado por parte do Ministerio de Defensa e require de información transparente para saber a que se debe e cales son os obxectivos deste tipo de exercicios en Polonia.

O BNG seguirá a defender un cambio de rumbo na praxe da política internacional do Estado español cuxo Goberno, lamentablemente, opta por seguir, sen cuestionamento, as posicións dos EEUU e da OTAN en lugar de traballar por ter un perfil propio e impulsar na UE unha política internacional fundamentada no multilateralismo, na paz e na colaboración internacional para evitar o incremento de conflitos.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Cal é a finalidade destes desprazamentos de unidades militares da Brilat e de Ceuta a Gdansk (Polonia) para participar en exercicios da OTAN? Cal foi o custo da operación?
2. A que se debe que nos últimos meses se multipliquen os exercicios de manobras militares en Polonia? Ten algún fundamento estratéxico?
3. En que consiste o exercicio multifuncional “Saber Strike 24”? Por que dirixe EE.UU estes exercicios para Europa e África?
4. Non considera contraditorio o Ministerio xustificar os exercicios como mostra do “compromiso do Exército de Terra co mantemento da paz e seguridade no continente europeo” cando ao tempo se fala deles como elementos de preparación para a guerra? Considera o Ministerio de



defensa que o incremento da actividade e das mostras de forza militares contribúen á paz?

5. A que se debe o incremento da preparación militar da OTAN e os seus asociados en territorio europeo?
6. En que medida forma parte desta campaña de preparación militar a chegada da Fragata Navarra ao porto de Maó en Menorca que deu lugar a unha concentración de protesta o domingo 14 de abril?
7. Converteu o Ministerio de Defensa este porto nunha das bases de apoio loxístico para buques da OTAN? Que significa que o Ministerio ofrecese o porto de Maó á Alianza Atlántica como “porto con autorización diplomática permanente”?
8. Comparecerá o Goberno en sede parlamentaria para informar sobre a participación do Estado español no incremento da actividade militar da OTAN nos últimos meses?

Madrid, a 17 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al desplazamiento de unidades militares del Estado español a Gdansk (Polonia) para participar en ejercicios militares de la OTAN dirigidos por EE.UU.**

El pasado 11 de abril el Ministerio de Defensa anunciaba la participación de dos unidades militares en una serie de ejercicios de la OTAN en Gdansk (Polonia). Se trata del batallón de infantería protegida “San Quintín” de la Brilat y de una unidad militar de Ceuta, que partieron del puerto de Gijón para participar en el ejercicio multifuncional “Saber Strike 24” a desarrollar entre el 12 y el 29 de abril. Maniobras que, según las informaciones transmitidas, están dirigidas y programadas por el Ejército de EE. UU para Europa y África.

El Ministerio de Defensa señaló que estos ejercicios muestran “el compromiso del Ejército de Tierra con el mantenimiento de la paz y seguridad en el continente europeo”, así como su “disponibilidad y operatividad para adaptarse a todo tipo de escenarios y para proporcionar capacidades decisivas que permitan defender los intereses de España y de los aliados”. Sin embargo, resulta paradójico hablar de paz al tiempo que se incrementa la actividad militar y las maniobras de la OTAN en Europa en el actual contexto, con la guerra de la Ucrania de fondo, el genocidio de la población palestina por parte de Israel y la escalada de tensión entre Israel e Irán.



Lo prioritario para el Gobierno debería ser promover efectivamente la paz, multiplicando los esfuerzos diplomáticos y trabajando por escenarios de negociación en lugar de aumentar la actividad militar.

Además, las maniobras militares en Polonia empiezan a ser habituales en los últimos meses. En marzo ya nos dirigimos al Ministerio tras conocerse las afirmaciones realizadas por el Estado Mayor del Ejército en relación a unas maniobras en Bernowo Piskie (Polonia), indicando que “si queremos estar preparados para combatir en Europa del Este es fundamental la instrucción y el entrenamiento en el paso de cursos de agua”. Este nuevo desplazamiento de unidades militares debe ser explicado por parte del Ministerio de Defensa y requiere de información transparente para saber a que se debe y cuáles son los objetivos de este tipo de ejercicios en Polonia.

El BNG seguirá defendiendo un cambio de rumbo en la praxis de la política internacional del Estado español cuyo Gobierno, lamentablemente, opta por seguir, sin cuestionamiento, las posiciones de los EEUU y de la OTAN en lugar de trabajar por tener un perfil propio e impulsar en la UE una política internacional fundada en el multilateralismo, en la paz y en la colaboración internacional para evitar el incremento de conflictos.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Cuál es la finalidad de estos desplazamientos de unidades militares de la Brilat y de Ceuta a Gdansk (Polonia) para participar en ejercicios de la OTAN? ¿Cuál fue el coste de la operación?
2. ¿A qué se debe que en los últimos meses se multipliquen los ejercicios de maniobras militares en Polonia? ¿Tiene algún fundamento estratégico?
3. ¿En qué consiste el ejercicio multifuncional “Saber Strike 24”? Por que dirige EE. UU estos ejercicios para Europa y África?



4. ¿No considera contradictorio el Ministerio justificar los ejercicios como muestra del “compromiso del Ejército de Tierra con el mantenimiento de la paz y seguridad en el continente europeo” cuando al tiempo se habla de ellos como elementos de preparación para la guerra? ¿Considera el Ministerio de defensa que el incremento de la actividad y de las muestras de fuerza militares contribuyen a la paz?
5. ¿A qué se debe el incremento de la preparación militar de la OTAN y sus asociados en territorio europeo?
6. ¿En qué medida forma parte de esta campaña de preparación militar la llegada de la Fragata Navarra al puerto de Mahón en Menorca que dio lugar a una concentración de protesta el domingo 14 de abril?
7. ¿Ha convertido el Ministerio de Defensa este puerto en una de las bases de apoyo logístico para buques de la OTAN? ¿Qué significa que el Ministerio ofreciera el puerto de Mahón a la Alianza Atlántica como “puerto con autorización diplomática permanente”?
8. ¿Comparecerá el Gobierno en sede parlamentaria para informar sobre la participación del Estado español en el incremento de la actividad militar de la OTAN en los últimos meses?

Madrid, a 17 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

